

# Os mortos van por dentro

## Xuvenil Unha novela gráfica desacougante e exemplar

En tempos en que as editoras ven reducidas as súas vendas en porcentaxes alarmantes, é unha grande alegría a aparición dunha nova, e moito máis cando ten vocación decidida polos produtos ilustrados, álbum e novela gráfica. É o caso de *El jinete azul* que sae ao mercado con sete obras, todas elas de singular calidade literaria e gráfica. Non sorprende se sabemos que á fronte desta nova proposta está un editor competente como Antonio Ventura. Só queda que, de se cumprir o noso desexo de éxito para esta nova editora, se vexa completada coa oferta dos seus produtos en galego, para os lectores desta nosa lingua que amamos e na que procuramos obras que unan calidade literaria e excelencia gráfica.

*El despertar de Heisenberg* é un texto do moi recoñecido autor catalán de LIX Joan Manuel Gisbert complementado polo, tan recoñecido, ilustrador e autor de cómic, Pablo Auladell. Gisbert, mestre da obra literaria de misterio, comeza por nos situar nun tempo futuro que todos somos quen de albiscar e no desolado escenario dos polígonos indus-

### El despertar de Heisenberg ·

Joan Manuel Gisbert ·

Pablo Auladell (Il.) ·


El jinete azul, 2009 ·

136 páx · 16 euros ·



triais abandonados que Auladell nos retrata en catro páxinas (tres delas dobres) con outros tantos planos de achegamento á nave onde principia a narración. Xa estamos dentro dunha obra que nos atrapa e que enché o noso corazón de inquietude.

Que deixamos despois da morte? O que queda de nós é un rastro na memoria dos nosos, mais esa pegada de lembranza poderá, dalgún xeito, volverse presenza real daqueles mortos que levamos con nós? Claudio leva dentro dous deses mortos, o irmán desaparecido antes de nacer el e o escritor que nunca acadou ser. Ulia leva a Klaus. Haberán ser quen de convocalos, neste caso mediando o psiconavegador que Klaus inventou, para que a vida que lles queda por vivir a ambos os dous, Claudio e Ulia, sexa digna de tal nome.



Imaxe de *El despertar de Heisenberg* // Pablo Auladell

A novela gráfica, máis aló dunha rixidez definitiva indesexábel que só esclerose lle pode dar, substanciase na harmonía e complementariedade das dúas linguaxes. A ausencia de solapamentos e redundancias, o saber dotar a narración dunha riqueza expresiva que faga posíbel unha lectura sen rupturas da continuidade, fan desta obra unha novela gráfica exemplar.

Xa estamos afeitos á capacidade creativa de Gisbert para facer nacer historias que lemos con inquietude e rematamos cunha certa melan-

colía. Do mesmo xeito coñecemos o traballo de Auladell, mestre do cómic contemporáneo, que aquí nos deixa páxinas maxistras nas que transmite a misteriosa atmosfera na que suceden os feitos. Nun xogo expresivo no que alterna elementos formais do cómic (división da plana en viñetas) con outros máis próximos á ilustración (páxinas e dobres páxinas sen dividir) vaise componendo unha obra chea de harmonía, sen deixar por iso de conter singularidades de extraordinaria beleza e expresividade como son as

siluetas –infantil e adulta– das páxinas que abren os capítulos 5 e 6 ou de elementos narrativos dunha forza insuperábel como é pechar a historia con dúas dobres páxinas resoltas nun baleiro inquietante feito a base de deixar só os fondos gráficos despexados de calquera figura. Engadamos unha atinada planificación que dota a obra dunha sintaxe que, unida a un ben administrado xogo de integración ou resalte entre figuras e fondos, dan unha auténtica alfaia da novela gráfica. // Xabier P. DoCampo